

XUNTANZA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE ESTABILIDADE

SUBCOMISIÓN DE SEGUIMENTO DE FUNCIÓN PÚBLICA

O día 23 de febreiro tivo lugar a segunda xuntanza da subcomisión de seguimento do Acordo para o desenvolvemento dun plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos asinado por CCOO, UGT e CSIF (ámbito Función Pública).

Ademais de sinalar que se vai ampliar, a solicitude das organizacións sindicais, nunha semana máis o prazo para incorporar alegacións a través do buzón de postos habilitado para o efecto e tamén que os procesos de funcionarización e estabilización tiñan que ir en paralelo, O Director Xeral de Función Pública facilitou os seguintes datos:

- Postos cuantificados de funcionarios interinos ocupando posto con anterioridade ao 2005: 116
- Postos cuantificados de laborais temporais ocupando posto con anterioridade ao 2005: 390
- Postos cuantificados de indefinidos non fixos (excluídos os da DTa 10 do Convenio): 227
- Postos derivados de xubilacións parciais a incluír no proceso de estabilización: 37
- Postos a funcionarizar: 816

A maiores habería que incluír os postos afectados pola estabilización (aqueles ocupados por interinos ou temporais durante os tres últimos anos ou máis): non da unha cifra exacta, pero fala de arredor de 1500 prazas. E por último aínda quedaría por determinar o número de prazas a ofertar na OPE 2018 (outros 500 postos?)

Ademais, informa de que retirarán das listaxes 17 postos de informática da primeira parte da consolidación e algún outro de titulado superior que se meteron por un erro (nos buzóns non pode haber postos da 1a e 2a parte de consolidación) e de que se incluírán nas prazas a funcionarizar entre 40 e 50 postos da AGADIC e doutros organismos. Así mesmo, tamén sinalou que antes de empezar a negociar o decreto de oferta volverían enviar as listaxes de postos.

Na rolda de intervencións, desde CCOO, manifestamos o seguinte:

- Que solicitamos a retirada da listaxe relativa á funcionarización porque considerabamos que podía xerar incertidume e preocupación entre os traballadores e porque adoece de falta de criterios negociados previamente (Decreto de Funcionarización).
- Que faltaba o buzón de prazas a estabilizar (todos aqueles ocupados por interinos ou temporais durante os tres últimos anos ou máis).
- Que xa está acordado a nivel estatal un II Acordo para a Mellora do emprego público no que se poden introducir melloras que afectan directamente ao acordo de estabilidade asinado en Galicia. Por exemplo: universalización do proceso de estabilización a todos os sectores e non só aos prioritarios; incremento da taxa de reposición (chegando nalgún caso ao 115%) e posibilidade de incrementar nun 5% a taxa de reposición naqueles sectores que requiran un reforzo adicional de efectivos. En consecuencia, ten que incrementarse o número de prazas a estabilizar polo que urxe dunha vez por todas un censo real das prazas afectadas (por este motivo solicitamos un novo listado que se axuste aos novos criterios acordados no Estado) e tamén modificarse o ámbito temporal do Acordo levándoo ata o 31 de decembro de 2017.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrecrán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es



XUNTANZA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE ESTABILIDADE

SUBCOMISIÓN DE SEGUIMIENTO DE FUNCIÓN PÚBLICA

- Que se debe incluír nas listaxes os postos dos entes instrumentais que cumpran os requisitos para entrar na estabilización, así como aqueles que teñan carácter de fixos discontinuos. (O DXFP responde que non hai problema para incluílos; no caso do Consorcio di que primeiro queren negociar a súa RPT. Nós tamén). Con carácter xeral di que, de momento, só se incluírán prazas de entes que teñan relacións de postos de traballo consolidadas.
- Que cómpre negociar de xeito inmediato o decreto de funcionarización para establecer os criterios e requisitos que rexerán no proceso. Antes de decidir a quen funcionarizar, parece lóxico que debe pactarse o xeito de como facelo (mantemento dereitos consolidados, tipo de procedemento, período de execución, etc.....), e non disparar primeiro e preguntar despois. O DXFP di que teñen o texto moi avanzado e que nos enviarán o borrador “en breve” para que lle fagamos aportacións.
- Que temos que ordenar e temporalizar os procesos para dar máis seguridade xurídica e para que as persoas interesadas en participar nos mesmos teñan claro cal será a sucesión das distintas fases. Cómpre ter en conta que hai moitos procesos interrelacionados: concurso de traslados, promoción interna, estabilización, OPE ordinaria (taxa de reposición), funcionarización... Función Pública comprometeuse a presentar na seguinte xuntanza da subcomisión un borrador de calendario/cronograma para a ordenación e planificación destes procesos.
- Que dado o elevado número de procesos selectivos que se prevén nun prazo relativamente curto de tempo, cómpre reforzar os efectivos da DXFP, destinados a tales funcións, así como retomar e rematar a negociación sobre as instrucións de funcionamento dos tribunais de selección.
- Desde CCOO preguntamos pola situación en que quedarían os traballadores do Consorcio que non acadaron unha sentenza xudicial pero que si teñen a consideración de indefinidos non fixos mediante unha resolución administrativa. A DXFP sinala que teñen que ver que solución lle dan para evitar que estes traballadores queden nun limbo porque non son postos creados en RPT pero que son prazas estruturais (levan máis de 14 anos). Tamén indica que esta situación se dá nalgunhas prazas da administración xeral.
- Que como Función Pública recordou, que os procesos de estabilización non poden ter promoción interna porque se a tivesen non se cumpriría o obxectivo do acordo que non é outro que a diminución da temporalidade. Desde CCOO solicitamos que haxa un proceso de promoción interna paralelo, o igual que fixemos na OPE 2016, tendo en conta que as prazas ofertadas por este sistema non restan taxa de reposición. Contestan que poderían ofertar máis prazas de promoción interna derivadas da taxa de reposición. Como o tema non quedou pechado, seguiremos traballando nel en vindeiras xuntanzas.

Estas e outras cuestións, que se iran concretando ao longo do desenvolvemento deste acordo de mellora do emprego público, será gracias aos que o asinamos, pois permitirá compatibilizar e desenvolver nos próximos anos, os concursos, a promoción, a estabilización e as ofertas públicas.

Para rematar a administración manifestou que convocaría unha nova xuntanza nos próximos 15 días.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

